

As seitas en Galiza

1. Concepto de seita e principais características

O dicionario online da Real Academia Galega ofrece tres definicións para o termo *seita*: «1. Grupo de persoas que no seo dunha relixión seguen unha doutrina particular. 2. Doutrina ou sistema que se afasta da crenza ou da opinión xeral. 3. Comunidade de persoas, de carácter místico ou esotérico e polo xeral pechada, reunida arredor dun líder». As acepcións que recolle o dicionario da RAE son moi similares, pero cun lixeiro matiz na terceira, redactada do seguinte xeito: «Comunidad cerrada, que promueve o aparenta promover fines de carácter espiritual, en la que los maestros ejercen un poder absoluto sobre los adeptos». É dicir, nesta última definición, a RAE sinala dous aspectos aos que a RAG non fai referencia: a posíbel falsidade do fin que oficialmente di ter e a existencia dun control total por parte dos líderes, non necesariamente un só.

Como vemos, en ambas definicións fálase das seitas en dous grandes sentidos, relacionados pero non necesariamente coincidentes. Por unha banda, como grupos diferenciados, dentro dunha relixión ou á marxe, que comparten unhas crenzas comúns non hexemónicas nin habituais. Por outra, como comunidades espirituais herméticas reunidas en torno á figura de líderes ou mestres. De feito, esta dualidade de significados reflíctese incluso na propia etimoloxía da palabra *seita*, da que algúns estudosos aseguran que procede do termo latino *seco* 'cortar', de onde provén tamén *sección* ou *sector*, mentres que outros cren que deriva de *sequor* 'seguir'.

María Dolores Vargas Llovera (2001, pp. 505, 513-514), investigadora da Universidade de Alicante, sinala que o concepto *seita*, inicialmente acorde co primeiro dos significados mencionados anteriormente e empregado de maneira neutra para referirse a novas correntes relixiosas, foi adquirindo connotacións pexorativas a partir da división do cristianismo en diferentes igrexas, momento no que comeza xa a ser utilizado para estigmatizar credos alternativos e desviacións da fe oficial. A carga semántica negativa foi en aumento desde entón até a actualidade, especialmente nas últimas décadas debido á proliferación de multitude de reducidos grupos relixiosos e pseudorelixiosos nas sociedades occidentais, proceso motivado, a xuízo da autora, polo maior pluralismo permitido polos réximes democráticos e polo baleiro existencial que senten algunhas persoas en contextos tan secularizados, racionalistas e materialistas coma os nosos.

Cómpre sinalar tamén que con esta expansión do fenómeno sectario xurdiron grupos fortemente xerárquicos que, amparados na súa aparencia de movementos relixiosos, empregan técnicas de control e manipulación mental para dominar aos seus adeptos en beneficio dos seus dirixentes. Este tipo de organizacións, que poderíamos denominar *seitas destrutivas*, encaixan co segundo deses dous grandes significados aos que nos referíamos antes e co que se adoita entender

modernamente por *seita*. Así, na actualidade, englobase nunha mesma categoría ás seitas no sentido tradicional do termo e aos grupos que utilizan a relixión ou a espiritualidade como pretexto para o lucro persoal e a dominación dos seus integrantes. Tamén segundo a opinión de Vargas Llovera (2001, p. 502), isto pode deberse ao seguinte: «quizás sea, porque la mayor información que se recibe sobre cualquier grupo sectario casi siempre procede de los medios de información, (prensa diaria, revistas amarillistas, radio, T.V...) que suelen hacer hincapié, con extremado sensacionalismo, en los aspectos destructivos de la personalidad de los individuos que pertenecen a alguno de estos grupos».

Precisamente debido ao carácter polisémico da palabra e a toda estas connotacións negativas que leva asociadas, algúns estudosos e grupos rexeitan o concepto xenérico de *seita* e prefiren outras denominacións alternativas. As solucións máis adoptadas, tal e como recolle Ferran Alonso (2007), investigador da Universidade de Barcelona, pasan principalmente por recorrer a termos máis asépticos, como *novos movementos relixiosos*, ou etiquetar con adxectivos como *destrutivas*, *coercitivas*, *totalitarias* ou *manipuladoras* a aquelas seitas que así consideran para distinguilas do resto. Porén, Vargas Llovera (2001, p. 508), sinala que estes apelativos quedan habitualmente no ámbito da investigación científica e non chegan á sociedade: «el nombre de Nuevos Movimientos Religiosos difícilmente ha sido usado por personas ligadas a los diversos medios de comunicación o por autores que deseaban que sus informaciones tuvieran un gran impacto social y comercial. Para lograrlo, les ha resultado imprescindible que el sentido peyorativo de la palabra secta mantuviera la suficiente morbosidad para que sus publicaciones no carecieran de la aceptación apetecida».

En definitiva, o concepto de *seita* presenta unha clara diversidade de significados e encerra moitos matices, en clara contraposición coa interpretación unívoca e simplista que se lle acostuma a dar. Por iso, cómpre aclarar, por último, que neste traballo imos abordar as seitas maioritarias en Galiza entendendo por estas calquera grupo que se poida adscribir a algún dos dous sentidos do termo, sen facer distinción en función de se son destrutivas ou non, dado que ademais en moitas ocasións pode ser unha cuestión discutíbel. Correspóndelle ao lector, pois, xulgar o carácter das diferentes seitas recollidas.

2. Seitas en Galicia

Testemuñas de Xehová: É un grupo sectario constituído en 1879, por Charles Taze Rusell, pero non acadou unha certa relevancia ata os anos 40, que foi cando comezaron a saír a convencer aos cidadáns e a repartir propaganda, como carteis, manuais de axuda, etc. A súa estrutura é verticalista. Nas agrupacións locais hai unha xerarquía definida: Servo ministerial, os anciáns e os fieis. Para eles, non existe vida despois da morte, esta remata no mesmo momento que a persoa falece, xa que para eles isto non aparece na Biblia. Tampouco cren no misterio da

Santísima Trindade, e aseguran que Deus só hai un. Do mesmo xeito, non aceptan a virxitude de María, e mesmo aseguran que Xesús tiña irmáns. Son puritanos, non aceptan trasfusións de sangue e tampouco poden comer sangue de animais. As súa principal actividade oculta son os abusos sexuais a menores, pero con iso coexisten as súas numerosas prediccións fallidas da fin do mundo. En Galicia, fundamentalmente, existe un local adicado á súa relixión en cada cidade ou vila, e normalmente adícanse a ir pregoando as súas crenzas para captar novos seguidores.

Mormóns: Os mormóns son, aproximadamente, un millón, dos que a metade viven ao oeste de Utah. O profeta e fundador da seita foi Joseph Smith, editou The Book of Mormon. A obra está escrita no estilo do Antigo Testamento e cunha escritura exipcia modificada. o 24 de xullo de 1847. chegaron a un val abatido e impresionante preto do Gran Lago Salgado, nun dos extremos occidentais das Montañas Rochosas. «Este é o lugar», dixo Young, o sucesor de Smith, e organizador de masas. con estas palabras foi fundado o gran reino mormón. A estrutura organizacional da igrexa mormona non é idéntica á estrutura organizacional da igrexa primitiva que Xesucristo estableceu. O Presidente da Igrexa é profeta, vidente e revelador e os membros da Igrexa han de dirixirse ao profeta da Igrexa co título “Presidente”. Cren na santísima Trindade, e na Biblia ata onde este traducida correctamente. tamén cren no libro do Mormón e en treces preceptos denominados artigos de Fe. Moitos ex mormones saíronse da seita polas inconsistencias que promulgan. Os mormones non poden fumar nin beber alcol, café ou té

Os membros da Igrexa teñen prohibido o consumo de alcol, tabaco, café, té e calquera estimulante. Consideran o aborto equiparable ao asasinato salvo en casos excepcionais

En España, xa hai unha igrexa que conta con 55.000 membros. Un dos seus métodos de captación é mandar a mozos estadounidenses a realizar unha estadía en España e ensinar inglés, para logo atraelos á súa relixión.

Remar: autodefínese como unha ONG cristiá evanxélica que naceu en España hai 30 anos para atender a drogodependentes, ex recluídos e marxidados. Hoxe está presente en 70 países. Conta cun sistema piramidal, e na cúspide, controlando todo, está o presidente. Miguel Díez é o presidente e fundador de Remar, creador tamén da Igrexa Corpo de Cristo (en España hai case 80 templos). Nas súas predicacións e libros incita a domar ás mulleres, que han de ser sumisas e obedientes. Diversos testemuños de persoas que pasaron boa parte da súa vida dentro da organización falan de explotación laboral, manipulación psicolóxica, irregularidades e falta de legalidade. As persoas axudadas por Remar que quedan “dentro” viven en comunidade, en casas nas que conviven varias familias baixo as ordes dun matrimonio responsable (o pastor e a súa muller, normalmente) ou ben

separados por sexo. Non hai relación con xente de fóra e obrigan a cambiar de zona cada certo tempo, lavando o cerebro a varias familias para que queden nos seus establecementos.

Nueva Acrópolis: é unha organización que fomenta o secretismo entre os seus integrantes e teñen unha simboloxía fascista. Disfrazada como organización de voluntariado e escola de pensamento filosófico. Imparten ensino sobre temas variados como Grecia antiga, incas, hinduismo ou astroloxía. A organización capta novos membros a través de cursos e conferencias. Ten influencias da ocultista rusa Helena Blavatsky que defende a reencarnación, ademais de defender nos seus escritos ideas racistas e antisemitas.

Hermandad Rama: é unha seita ufolóxica e contactista liderada polo peruano Sixto Paz. Os seus integrantes cren que teñen o poder de contactar con platillos voantes e que, mediante un extraterrestre chamado Oxalc , son quen de enviar unha mensaxe canalizada por escritura automática. O fundamento das súas crenzas atópase na teosofía e no ocultismo decimonónico. As súas técnicas son as comúns no espiritismo kardeciano con métodos como a táboa ouija, a escritura automática e a concentración para acceder aos Sabios Anciáns que gardan todo o saber no universo. Hai constancia en Galicia deste grupo como mínimo, dende 1993, cando as Xuventudes Socialistas presentaron unha denuncia ante o Valedor do Pobo.

Escola de iluminación de Ramtha: liderada por Judy Zebra Knight, defende que a súa líder foi quen de contactar co espírito Ramtha. Xorde en 1988 en EEUU e ten arredor de 20000 seguidores por todo o mundo. A doutrina defende “Todos nós somos Deus, hai unha cualidade divina innata en cada un de nós, e con ela podes facer o extraordinario, se sabes chegar a ela”. Realizou tres encontros en España, dous en Cataluña e un deles en Galicia, concretamente en Manzaneda hai sete anos. Tamén na provincia de Ourense, desapareceu unha muller que participara nos ritos desta secta en 2010 e aínda hoxe segue sen saberse o seu paradiro.

Orden y Mandato de San Miguel Arcangel: Esta agrupación naceu inicialmente no seo da Igrexa Católica para seguir cunha dinámica de grupo sectario. Liderada por Feliciano Miguel Rosendo, mantíña que era a ligazón entre o Arcanxo San Miguel. Para dominar aos seus fieis, o líder relacionábase sexualmente con eles e obrigaba a gardar silencio sobre as prácticas que dentro da seita cometían.

La Comunidad: é unha asociación cultural con características de seita da que naceu o Partido Humanista en 1984. Facían reunións nas practicaban o autocontrol mental e ritos ata altas horas da madrugada, o que os arredaba da súa familia e provocaba que se refuxiasen e relacionasen unicamente cos membros da seita.

Gnosis: A gnosis, seita para uns, relixión para outros e (pseudo) filosofía para os seus membros, segue os ensinamentos de Samael Aínka Weor (nome artístico), un colombiano que nos anos cincuenta se autoproclamou profeta. Os gnósticos cren na reencarnación e conciben cada “nova vida”, á vez, como un castigo e unha proba, onde se pagan as malas accións de vidas anteriores e onde se ten unha nova oportunidade de “actuar ben” para pasar ao seguinte nivel. O dogma central desta seita vira ao redor da sexualidade, xa que se poden ter relacións sexuais pero censuradas, sen eyaculación nin orgasmo. Estrutura teocrática, vertical e autoritaria, onde a palabra dos dirixentes é dogma de fe. Os líderes interveñen ata nos detalles máis íntimos e persoais dos seus adeptos e esixen que as súas ordes sexan executadas sen a menor crítica. Hai unha adhesión total ao grupo e obrigan a romper con todos os lazos sociais anteriores á entrada ao culto: pais, parella, amigos, traballo, estudos, etc. Utilizan técnicas neurofisiolóxicas -enmascaradas baixo a “meditación” ou o “renacemento espiritual”- que serven para anular a vontade e o razoamento dos adeptos, causándolles en moitos casos lesións psíquicas graves. As súas actividades primordiais son o proselitismo (conseguir novos adeptos) e a recolección de diñeiro (escolas na rúa, cursos, actividades comerciais e industriais e mesmo claramente delituosas). No caso das seitas multinacionais, o diñeiro é enviado en boa parte ás centrais de cada grupo. Un dos seus locais en España ten sede en Cangas (Pontevedra) e organiza conferencias, charlas e actividades con títulos esotéricos. Chegaron mesmo a utilizar inmobles municipais como a Casa da Cultura.

3. Lexislación e fontes institucionais

No tocante á lexislación, Ignacio Font Boix (2003, p.83) explica que “non había unha opinión unánime na doutrina sobre a conveniencia de elaborar unha lexislación especial que tratara de abordar a especificidade dos fenómenos dos que estamos falando”. Por exemplo, o profesor Goti Ordeñana, tras unha reunión en Oñate concluíu que “os medios xurídicos, como consecuencia dos estudos que se realizaron, adoitan concluír que a sociedade democrática dispón de suficiente lexislación para facer fronte aos abusos que poidan xurdir da actuación destes grupos. O que parece necesario é estudar con maior profundidade as figuras xurídicas das que dispoñemos e empregalas adecuadamente”. (Ordeñana, p.404, citado en Font, 2003, p.83).

Segundo o tratamento xurídico das seitas a nivel español, a Comisión do Parlamento español propón un control mediante a inscrición no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza, onde deben demostrar a súa natureza relixiosa. As indicacións para actuar son un control fiscal do patrimonio polo Ministerio de Facenda para detectar os movementos de capital que excedan os fins relixiosos, a vixianza da actividade laboral das seitas, de terceiras persoas e

unha intervención da xustiza en caso de delitos que se deriven dos comportamentos destes grupos, é dicir, un control criminal, cunha clara distinción de se as actuacións son dos individuos-adeptos ou da mesma organización.

A liberdade relixiosa, na actual sociedade posmoderna, viu a ofertar unha variedade de relixións para que se faga unha elección personalizada, cualificándose isto como algo distintivo da personalidade do individuo. Existe un recoñecemento constitucional da liberdade de conciencia que, nalgunhas seitas denominadas destrutivas, adquire unha interpretación propia e cuestiona os principios da sociedade (morais e xudiciais) que produce unha preocupación no Ministerio de Xustiza. Por isto, estableceuse unha Lei Orgánica da Relixión, onde prima a protección aos dereitos dos demais ante os Tribunais de Xustiza e exclúe da protección desta Lei a aquelas seitas que experimenten con fenómenos psíquicos ou parapsicolóxicos e asuntos alleos ao relixioso. Acúsaselles normalmente pola aplicación de técnicas referidas á ilexítima captación de adeptos e o tratamento que estes reciben unha vez están dentro dela e que se coñecen como “control mental”, “lavado de cerebro”, “coerción psíquica”... Estes termos son expresivo da manipulación da interioridade da persoa, e aos que o noso Código Penal se refire coa expresión “alteración ou control da personalidade” (art. 515.3), ademais de considerarse métodos ilícitos de actuación. Producen lesións psíquicas e físicas, recoñecidas no noso Código Penal (art. 147,1 CP). Pero a provocación destas lesións chega a valer unha pena de prisión de 6 a 12 anos (art.149 CP). O Código Penal, en definitiva, ten como labor ofrecer un instrumento legal de protección eficaz contra as actividades de adoutramento ilexítimo, levadas a cabo polas seitas denominadas destrutivas, que son aquelas que, tendo como obxectivo un fin ilícito, empregan medios violentos ou de alteración ou control da personalidade para a súa consecución, como reflexa o artigo 515. Pero este recurso ao ordenamento punitivo do Código Penal será xustificable nos casos nos que non caiba outro tipo de solución. O profesor de Dereito Público Especial da USC, Santiago Brage Cendán, reforza a idea de que o artigo 515 do Código Penal as considera como asociacións ilícitas, sancionando ao seus líderes e aos seus membros activos con penas de privación de liberdade e multas e engade que calquera delito cometido dentro da súa estrutura será castigado de forma independente, ben sexan delitos de coaccións, ameazas, lesións, estafas, delitos fiscais...

Aínda así, non se pode ignorar os avances científicos, pero débese tomar particulares precaucións antes de incorporalos ao seu acervo. En definitiva, ao Estado só lle compete garantir as condicións materiais que fagan posible a tan proclamada liberdade de conciencia, sen que teña autorización para intervir.

O tema vén provocado pola alarma social que despertaron estes grupos na sociedade. A partir da lexislación que podemos encontrar no Parlamento Europeo, considerando que as seitas están en pleno apoxeo e que algunhas actúan de maneira ilícita en contra dos Dereitos Humanos, esta reafirma que existe a

liberdade de pensamento, de relixión e de asociación pero pídelle aos Estados membros a revisión das normativas xudiciais das seitas para que non realicen actividades contrarias ás leis e que non lles concedan a todas o estatuto relixioso e no caso de ser estas delictivas, as priven dos beneficios que supón este estatuto. Pídelles ademais o intercambio de información para ter todos os datos posibles destas e a cooperación entre os Estados membros para lograr a reinserción social das persoas afectadas.

Precisamente a nivel europeo, o 18 de febreiro de 1997 foi solicitada unha autorización para presentar un informe sobre as seitas na Unión Europea, pola Comisión de Liberdades Públicas e de Asuntos Interiores. Na última das reunións, aprobouse a proposta de resolución por 15 votos a favor, 7 en contra e 3 abstencións.

O Pleno encargou á Comisión que na reunión conxunta debía intercambiar información sobre a organización, o comportamento das seitas e os métodos de traballo, ademais de elaborar diferentes conclusións para limitar as actuacións das mesmas.

En canto aos métodos de traballo debían resaltar algúns dos indicadores que dan a coñecer a existencia de problemas neste tipo de organizacións, como por exemplo explotación económica dos membros, a agresividade no reclutamento dos mesmos, relacións laborais non remuneradas, etc.

Para limitar as actuacións das mesmas, presentáronse propostas como a creación dunha base de datos para toda Europa, a creación dun organismo de coordinación a nivel europeo, tamén a creación dun observatorio europeo, reforzo da información nacional e mellora do traballo en rede a nivel europeo.

A Policía Local de Santiago, non ten demasiada información sobre este tema, unicamente nos deron o contacto dun psicólogo co que posteriormente contactamos. A Policía Nacional tampouco nos puido ofrecer moitos datos xa que a consideran unha información perigosa e confidencial, sendo calificado o tema como similar ao terrorismo.

Na Garda Civil de Santiago non quixeron facilitar información polo mesmo tema. Unicamente comentáronnos que apenas tiveran problemas con grupos sectarios, pero que máis información era de tipo confidencial e non podía ser facilitada.

Tanto a Policía Nacional como a Garda Civil recoñecen a dificultade para recabar información sobre estes grupos e as súas actividades. No último ano ambos corpos recibiron unha ducia de denuncias e iniciaron investigacións por prácticas vinculadas ao satanismo e outros 8 Grupos seitaros, pero na maior parte dos casos os arrestos acabaron en sancións menores.

Desde a Benemérita recoñecen que hai constancia da existencia de seitas, pero apenas se incoaron causas por falta de denuncias e de indicadores delitivos. No Concello de Santiago falamos cunha das responsables do gabinete de prensa, que nos informou brevemente. Comentounos que non se establecían como seitas pois os locais eran concedidos a asociacións, ONG's e entidades similares. Finalmente, acudimos ao Reitorado da Universidade, e no Gabinete de Comunicación facilitáronnos un contacto na Facultade de Dereito, co profesor Santiago Brage Cendán, o cal nos comentou aspectos máis relacionados coa lexislación.

4. Expertos

Héctor Walter Navarro:

En Galicia estivo moi presente ata a actualidade a seita Gnóstica. Ubicábase principalmente na zona dos arredores de Santiago. Segundo varias noticias que consultamos ([noticia 1](#)) ([noticia 2](#)) ([noticia 3](#)), en 2015 produciuse en Santiago un suceso de gran gravidade: unha nena de seis meses de idade foi asfixiada pola súa nai debido a un ritual relixioso levado a cabo por dita seita. Héctor Walter Navarro foi un dos avogados que participou no caso.

Walter Navarro falounos sobre esta seita, a cal tivo bastante presenza en Galicia nos últimos anos: "Nesa seita séguense as ensinanzas dun colombiano que tomou o nome de Samael Aun Weor. Un dos seus libros, "El matrimonio perfecto", fala de que o home na relación sexual coa súa esposa nunca ten que chegar á exaculación porque se transforma nun "mago negro".

A muller que asfixiou ó seu bebé de seis meses cría que a nena era froito dun "mago

negro", que se atopaba no corpo do seu esposo. Ela sabía, por suposto que o seu esposo exaculara cando concebiran a súa filla. Na seita din que o home ó exacular perde millóns de espermatozoides, pero que para concebir a un fillo necesítase soamente un, polo que perder tanto esperma provoca a perda de cualidades espirituais e intelectuais.

"Son uns enfermos sexuais. Perversos. Sen embargo no caso de Santiago creo que a xuíza levouse pola falsa suposición de que a nai asfixiou á súa filla por estar tola. Nada que ver. Foi un rito seitario. A policía atopou que había varias candeas prendidas. A nai fixo un rito de resucitación porque cría que ó resucitar á nena, esta quedaba salvada do pecado orixinal." Estas son as declaracións do avogado, que durante o procedemento xudicial estivo moi involucrado.

Miguel Perlado:

Buscando expertos neste campo, demos co psicólogo clínico Miguel Perlado, o cal é especialista na axuda de membros e ex-membros de seitas. Este psicólogo ten

numerosas publicacións relacionadas con este tema, como: "Adolescentes y sectas" ou "El abuso psicológico en dinámicas de sectarismo".

Perlado afirma que a dinámica destas organizacións poden provocar nos seus membros unha total dependencia do grupo o do líder, en detrimento das súas relacións persoais e familiares, podendo xerar alteracións psicolóxicas, sociais e físicas.

"Por outra parte, estes grupos tenden a presentarse baixo diversas formas para atraer ao maior número posible de seguidores e ocultan os seus verdadeiros obxectivos, así como información relevante que puidera xerar desconfianza nos fieis. O principal obxectivo destas organizacións céntrase na obtención de poder a distintos niveis: persoal, institucional, político e económico."

Os grupos de manipulación psicolóxica poden inducir un trastorno de dependencia entre os seus seguidores, con síntomas similares aos observados noutras socioadiccións ou dependencias non farmacolóxicas, como a dependencia a Internet, entre outras.

O fenómeno do seitarismo é cambiante e evoluciona ao longo do tempo. Según expón Miguel Perlado, comeza a cobrar auge nos anos 60 nos Estados Unidos, e os primeiros grupos que se configuran teñen que ver con tendencias políticas e culturais. Hoxe en día a linguaxe do que adoitan revestirse estes grupos ten máis que ver co crecemento persoal ou as novas terapias, cando fai anos estaban vinculados a ovnis ou discursos ufolóxicos entre outros.

A estimación fidedigna das cifras de afectados é algo case imposible, porque a maior parte dos grupos non publican os seus nomes. Ademais adoitan empregar alcumes ou nomes ficticios. Por outra banda, a seitas divídense cada vez máis en pequenos grupos que lles permiten desprazarse con facilidade.

O investigador e psicólogo Miguel Perlado, sinala que o movemento gnóstico, que ten numerosas e diversas designacións, é o que maiores niveis de dano provoca aos seus seguidores, moitos dos cales teñen que recibir atención terapéutica.

O seu equipo de investigación recibiu nos últimos cinco anos centos de denuncias de ex membros e familiares de afectados por seitas e grupos de todo tipo.

"De moitos apenas se ten información, porque xiran en torno a un gurú e son moi pequenos, o que lles permite desprazarse e establecerse con facilidade sen deixar rastro". Tras analizar as denuncias, comprobánse se hai indicadores delictivos, e as trasladan á xustiza para sexan os poderes xudiciais do Estado os que se ocupen de solucionar este problema.

Santiago Brage Cendán:

Por último quixemos facerlle un par de preguntas a Brage Cendán, profesor de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela:

- **¿Coñece alguna seita en Santiago?**

O certo é que se detectaron tempo atrás algunhas seitas destructivas que estaban activas como Nueva Acrópolis o Anways.

- **Sabemos que se produciu un caso sobre unha seita denominada Gnosis en Santiago, onde unha nena foi asfixiada, ¿coñece algo deste asunto?**

Pola comisión dun parricidio por parte dun dos seus membros, solo tiven coñecemento a través das noticias filtradas polos medios de comunicación, se ben parecera que se tratase de unha seita das denominadas como sincréticas, que se caracterizan por mezclar relixión, filosofía e esoterismo e presentan un grado de peligrosidade alto o moi alto.

5. Mapa conceptual:

<https://www.mindomo.com/es/mindmap/628604ae6a0d4b80afc6c5ffbf5d19fe>

6. Conclusións:

- Non pensabamos que houbera tanta lexislación acerca do tema
- Presenza de seitas non tan coñecidas como Nueva Acrópolis, Hermandad Rama ou San Miguel Arcángel entre outras.
- Gran destrutividade de moitas seitas: prácticas sexuais ilegais, ritos relixiosos perigosos para á vida, xenofobia...etc
- Algunhas seitas que non parecen destrutivas si o son, e viceversa
- Descoñecemento xeral na sociedade
- Tema complexo de tratar; non hai moita información dalgunhas seitas debido a que este tipo de grupos permanecen ocultos na súa maioría.

BIBLIOGRAFÍA:

Alonso, F. (2007). Revisión y análisis transcultural e interdisciplinario del marco conceptual de "secta" y otros términos relacionados (Tese de doutoramento).

Recuperado de http://www.aiiap.org/PDF/Tesis_Alonso.pdf

Campo Pérez, R. (2002). Antecedentes ideológicos del culto contactista peruano "Misión Rama". Departamento de Filosofía da Universidad de La Laguna.

Recuperado de: <http://psicologoscatolicos.org/Documents/infoRIES-R.Campo1.pdf>

Cobas, M. (2010, 5 de xuño). Ramtha medita en Manzaneda. *La Voz de Galicia*.

Recuperado de:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2010/06/05/ramtha-medita-manzaneda/0003_8529719.htm

Comisión de Libertades Públicas e de Asuntos Exteriores (1997, decembro). Proxecto de informe sobre as seitas na Unión Europea. Recuperado de:

<http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//NONSGML+REPORT+A4-1997-0408+0+DOC+PDF+V0//ES>

Crítica a los Testigos de Jehová. *Wikipedia, la enciclopedia libre*. Recuperado de:

https://es.wikipedia.org/wiki/Cr%C3%ADtica_a_los_Testigos_de_Jehov%C3%A1

Cruz, J. M. (2017, 26 de abril). Ramtha, la secta misteriosa. *La Región*. Recuperado de:

<http://www.laregion.es/articulo/ourense/ramtha-secta-misteriosa/20170426075341703737.html>

EFE. (1993, 11 de xuño). El auge de las sectas en Galicia, denunciado al Valedor do Pobo. *Hemerosectas*. Recuperado de:

<https://www.hemerosectas.org/el-auge-de-las-sectas-en-galicia-denunciado-al-valedor-do-pobo/>

Foces, U. (2016, 18 de marzo). Acaba el silencio autoimpuesto de quienes destaparon la “secta” de Oia. *Faro de Vigo*. Recuperado de:

<http://www.farodevigo.es/sociedad/2016/03/18/acaba-silencio-autoimpuesto-destaparon-secta/1425227.html>

Font Boix, I. (2003). Propuesta de despenalización radical en la legislación española de los medios de control o de alteración de la personalidad en relación con las llamadas sectas. Recuperado do Depósito Académico Digital Universidad de Navarra (DADUN):

http://dadun.unav.edu/bitstream/10171/17659/1/cuadernos%20doctorales_derecho%2020-2.pdf

González Ibáñez, J. (1986, 18 de xuño). El Partido Humanista, una piel para la secta La Comunidad. *El País*. Recuperado de:

https://elpais.com/diario/1986/06/18/espana/519429621_850215.html

Jardón, C.A. Los mormones: iglesia de Jesucristo de los Santos de los Últimos días. *Misioneros del Sagrado Corazón de Perú*. Recuperado de:

<http://www.msperu.org/sectas/denominaciones/mormones.htm>

Judy Zebra Knight (s.f.). En *Wikipedia, la enciclopedia libre*. Recuperado de

https://es.wikipedia.org/wiki/Judy_Zebra_Knight

Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro de 1995, do Código Penal. *Boletín Oficial do Estado*. Madrid, 24 de novembro de 1995, núm 281, pp. 33987-34058.

Nueva Acrópolis (s.f.). En *Wikipedia, la enciclopedia libre*. Recuperado de https://es.wikipedia.org/wiki/Nueva_Acrópolis

Remar: ¿multinacional, secta o ONG? 21, *la revista cristiana de hoy*. Recuperado de: http://www.21rs.es/es/revista-21/1328_Remar-ONG-secta-o-multinacional.html

Ruíz, B. (2014, 17 de decembro). Experto analiza caso de la asociación Orden y Mandato de San Miguel Arcángel en España. Aciprensa. Recuperado de: <https://www.aciprensa.com/noticias/experto-analiza-caso-de-la-asociacion-orden-y-mandato-de-san-miguel-arcangel-en-espana-28373>

Santamaría, L. (2014, 12 de decembro). ¿La Orden y Mandato de San Miguel Arcángel es una secta?. *Aleteia*. Recuperado de: <https://es.aleteia.org/2014/12/12/la-orden-y-mandato-de-san-miguel-arcangel-es-una-secta/>

Secta (s.f.). En *Diccionario de la lengua española*. Recuperado de <http://dle.rae.es/?id=XPT7wwp>

La secta: los seguidores de una sección (2017, 21 de novembro). *Orígenes, etimologías y gramática histórica del castellano*. Recuperado de <https://www.delcastellano.com/etimologia-secta-seguir-seccion/>

Seita (s.f.). En *Diccionario da Real Academia Galega*. Recuperado de <http://academia.gal/diccionario/-/termo/seita>

Vargas Llovera, M.D. (2001, xuño). Los nuevos grupos religiosos y sectas en el actual sistema social español. *Anales de Historia Contemporánea*, 17, 501-521. Recuperado de (<http://revistas.um.es/analeshc/article/view/56751/54701>

Yuste, M. Mi padre era miembro de una secta gnóstica. *Vice*. Recuperado de: <https://www.vice.com/es/article/bnk9kq/mi-padre-era-miembro-de-una-secta-agnostica>